

Melodía de días usados

Hai días en que a vida é tan fermosa que cando me deito vexo como nacen papoulas nas paredes do meu cuarto ou como brillan as estrelas do teito. Hai días en que a vida é luz. Durmo coa máis fermosa canción de todas as miñas cancións: “What a wonderful life”, na voz de Louis Armstrong, despois de rematar todos os traballos inacabados, recoller a casa e cerrar o caderno no que fun apreixando estes quince meses da miña vida”. Con este optimista e significativo parágrafo conclúe Anxos Sumai –tradutora, documentalista e bibliotecaria do Consello da Cultura Galega- a que é a súa segunda entrega narrativa tras *Anxos de garda* (Ed. A Nosa Terra, 2003, Premio da Crítica de Galicia), proposta da que nos ocupamos nestas mesmas páxinas no seu día. Agora, nesta *Melodía de días usados*, que mantén unha evidente liña de continuidade coa anterior, non abandona unha fórmula tan flexible e aberta como a do diario persoal que tan bos resultados lle dera daquela e que, sen ningunha dúbida, lle segue a proporcionar incuestionable éxito entre lectores e crítica.

Sumai sabe moverse con habilidade

A AUTORA SABE MOVERSE
CON HABILIDADE NOS
PARÁMETROS DO DIARIO,
EN CLAVE DE FICCIÓN,
PARA NOS RELATAR UN
UNIVERSO VIVENCIAL PROPIO

nestes parámetros do diario –en clave de ficción non o esquezamos, aínda que non é difícil conxectar algunhas doses de autobiografía neste volume-, a través dos que resume, tal e como a propia autora sinala, quince meses da súa vida esmiuzados en breves fragmentos nos que, co necesario exercicio de veracidade que se lle esixe á proposta, procura a nosa complicidade para amosarnos o seu universo vivencial particular, que se estrutura a xeito de invitación pola que o lector esvara devagar até sentirse un elemento imprescindible pois sente, talvez pola proximidade que xera o uso da primeira persoa narrativa, como é veraz todo o que se conta, como recenden a verdade eses pequenos detalles cotiáns nos que a protagonista repara, como mesmo as cousas aparentemente importantes sofren un proceso a través do cal se relativizan, con que naturalidade se plasma a realidade pola que viaxamos a través dos sentimentos, mais tamén desde Compostela a Catoira nun ir e vir incessante e enriquecedor ou de que xeito se tratan temas como a amizade,

Un novo libro de Anxos Sumai



RAMÓN NICOLÁS

os afectos, a tolerancia, as afinidades, a música...

Lugares, lecturas, referencias, pensamentos..., así pois, que a autora entroniza e que de anécdota pasan a ser substancia literaria, ofrecendo asemade varias posibilidades de lectura: unha, que poderíamos entender como a máis canónica, sería a do diario; outra viría sendo a que se abeira baixo un singular xénero novelesco, pois hai liñas argumentais e personaxes que van evolucionando e adquiren pesos propio ao longo destas páxinas, alén de incorporar discursos de moi heteroxéneas fontes: poemas, relatos, etc.

Con todo, non coide o lector que esta entrega é simplemente unha continuación do seu primeiro título. Se se coñece o espazo da súa xeografía persoal agora nel agroma un tratamento máis reflexivo, mesmo máis depurado respecto dos fragmentos orixinais colgados na rede que alicerzan o volume. Do mesmo xeito neste exercicio, se couber con maior consciencia e intensidade transita a inesgotable curiosidade da autora-protagonista, ecoa a súa voz crítica con acontecementos que teñen lugar neste tempo –o auxo do terrorismo integrista, por exemplo-, envolvemento máis unha vez nunha banda sonora que é a desa melodía, as máis das veces optimista –vida como luz- e que resoa en cada unha das liñas deste libro, en que literatura e vida van, sempre, de mans dadas.

SUMAI, Anxos, Melodía dos días ausentes, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 381 páxinas

